



### **PROXECTO DE MELLORA DA PRODUTIVIDADE DO BANCO DE TRAGOVE-SARRIDO**

O banco de Tragove-Sarrido (AR-017) ocupa zona contigua aos portos de Tragove, San Tomé e zona submareal do Sarrido ata a desembocadura do río Umia. É unha zona na que se poden diferenciar 2 hábitats principais. Nas proximidades da desembocadura do río, o substrato é areoso formado por pequenas dunas móbiles pola acción das correntes e significase como unha das principais zonas de fixación de ameixa babosa, fina e berberecho de tódolos bancos xestionados pola Confraría. A outra zona, máis próxima ao porto e vila, está caracterizada por fondos fangosos (fango-areosos) con pouca fixación e baixa produtividade, i é onde se realizará a repoboación de semente autóctona.

O proxecto realizouse en dúas accións específicas.

Os arados realizáronse durante 5 xornadas en horario de mañá. Os días 20,21,22,25 e 26 de Outubro (Anexo-I, autorización arados). Para desenvolver este traballo empregouse un rastro de vieira modificado con dentes de maior tamaño e cope máis laxo, que ara o terreo e o descompacta. A embarcación empregada foi o barco TRAGOVE (4ªVILL5-3-09), pertencente á Confraría de Pescadores San Antonio de Cambados. Na reportaxe fotográfica pódese observar o rastro empregado, así como un momento da xornada de traballo.

Para a realización da segunda actuación, o día 2 de Setembro, recibíronse na Confraría 2.000.000 de unidades de semente de ameixa babosa entre 8-10 milímetros procedentes da planta criadeiro que a empresa OSTREIRA S.L. ten no concello de O Grove. Esta ameixa inmersiounse na batea experimental cuadrícula 160 do polígono Cambados D, que posúe a Confraría para o engorde de ameixa. O día 5 de Novembro, mariscadores pertencentes ao colectivo de rañeiros, achegáronse á batea experimental para recoller a semente e preparala para a sementeira; que se desenvolveu en horario de tarde, debido á baixamar que impide achegarse á embarcación Tragove a varias zonas do banco. Unha vez feito o control de talla e supervivencia pola asistencia técnica da Confraría, procedeuse á sementeira de 2.000.000 unidades de talla media 16 milímetros nunha zona previamente elixida do banco de Tragove-Sarrido.



A consecución do obxectivo proposto realizouse en parte coa realización das actuacións realizadas. O resultado final obterase cando a ameixa sementada acade a talla comercial e poida ser capturada polos mariscadores para o seu envío ao mercado.

**O orzamento total do proxecto acadou os 14.200 € cofinanciados a un 100% con fondos propio da Comunidade Autónoma de Galicia a través da Consellería do Mar.**